



Concello de Lourenzá

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2022/6	El Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	17 de novembro de 2022
Duración	Desde as 20:30 ata as 21:00 horas
Lugar	Salón de Sesións
Presidida por	rocio lopez garcia
Secretario	Begoña González Pedregal

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
33832911A	ANTONIO REGO REY	NON
35312108R	AUREA MARÍA VÁZQUEZ ABAL	SÍ
33997496T	EDUARDO JOSE REIGOSA BRAÑA	SÍ
34880827Q	ENRIQUE JOSÉ ROCHA PÉREZ	NON
33995905L	FRANCISCO JAVIER RODRÍGUEZ BARRERA	SÍ
33321327P	JAVIER HUERTAS OTERO	SÍ
71865319W	MANUEL ARANGO RON	SÍ
33844382C	MARIO LEITÓN RAMALLAL	SÍ
77593740C	Mercedes Dengra Sixto	SÍ
33549271E	SONIA GAVINO REIGOSA	SÍ
76580879X	rocio lopez garcia	SÍ





Concello de Lourenzá

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN BORRADOR ACTA SESIÓN ANTERIOR DE 15/09/2022.

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

Visto o borrador da acta da sesión anterior, a sesión extraordinaria celebrada o día quince de setembro do dous mil vinte e dous (15/09/22) distribuído coa convocatoria e non habendo nada, dito borrador foi aprobado por unanimidade dos concelleiros presentes na sesión.

Expediente 360/2022. PROPOSTA ALCALDÍA PARA DESAFECTACIÓN CAMIÑO PÚBLICO EN VILLAPOL(SANTA MARÍA) SOLICITADO POR D^a. JOSEFA RAMOS RODRÍGUEZ.

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

Neste punto, pola Alcaldía explicouse o contido da súa proposta de 18/10/2022 indicando cal era o espazo que se trataba de desafectar , a súa localización e as súas circunstancias, sendo dito contido o que se transcribe a continuación:

"D^a. ROCÍO LÓPEZ GARCÍA, ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE LOURENZÁ (LUGO),

EXPÓN: *Que o Concello é propietario dunha área de espazo público que ten forma de U, cunha superficie de Douscentos cinco metros cadrados (205 m²), sito no lugar da Villapol, parroquia de Santa María (T.M. Lourenzá), e que linda ao Norte, ao Leste e ao Oeste, con edificación de D^a. Josefa Ramos Rodríguez e ao Sur, con camiño público e a parte exterior ao Norte e ao Oeste linda coa parcela 2-330 da Zona de Concentración Parcelaria de Lourenzá Norte, propiedade de D^a Josefa Ramos Rodríguez e ao Sur, coa parcela 329 de D^a. María Montserrat Fernández Ramos, segundo escritura de compravenda de data 05 de agosto de 2022 adquirida a D^a. María José Trigo Díaz. Urbanisticamente dito espazo atópase dentro do Núcleo Rural de Villapol, parroquia de Santa María (Lourenzá) e*





Concello de Lourenzá

qualificado como Solo Núcleo Rural, espazo viario.

*Que á vista da proposta exposta por D^a. Josefa Rodríguez Ramos, con NIF. Núm. ****7900J, co domicilio en R/Vallehermoso núm. 70-6^o ezqda./28015-Madrid, quen mediante escritos de data 13/07/2022 e 20/08/2022, rexistrados de entrada cos números SIR 307 e 368, solicita que dito espazo sexa desafectado por estar interesada na súa compra posto que o conxunto edificatorio rehabilitado que o rodea é propiedade da peticionaria e a necesidade de dito espazo viario desapareceu e non se fai necesario para o acceso a ningunha finca súa nin do resto das edificacións e fincas cercanas posto que lindan con camiños e estradas públicas, que lles garante o acceso necesario sen necesidade de utilizar este camiño que se pretende desafectar, e polo tanto considera que o feito de que sexa desafectado, para poder serlle vendido, non causaría prexuízo algún nin ao Concello nin a terceiras persoas.*

Que visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de fecha 29/09/2022, en relación con dita solicitude na que se indica que dito espazo soamente facilita o acceso a único propietario das fincas colindantes, e que no habería inconveniente en proceder á súa desafectación sempre e cando o adquirente fora o solicitante, como propietario que é das fincas colindantes.

Que visto o informe da Secretaría referente á lexislación aplicable de data 22/10/2020.

Considera procedente PROPOÑER ao PLENO do Concello que se inicie, como trámite previo e necesario, un expediente de DESAFECTACIÓN do espazo público antes descrito , pasando de ser ben de servizo público a súa cualificación como parcela sobrante coa cualificación de ben patrimonial para, posteriormente, poder negociar á súa venda, no seu caso."

A continuación pasouse á votación e o Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos nove concelleiros presentes na sesión sendo o seu número legal de once e polo tanto co quórum establecido no artigo 8 do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/86, ACORDOU:

PRIMEIRO.- Alterar, inicialmente, a cualificación xurídica do espazo público que ten forma de U, cunha superficie de Douscentos cinco metros cadrados (205 m²), sito no lugar de Villapol, parroquia de Santa María (T.M. Lourenzá), e que linda ao Norte, ao Leste e ao Oeste, con edificación de D^a. Josefa Ramos Rodríguez e ao Sur, con camiño público e a parte exterior ao Norte e ao Oeste linda coa parcela 2-330 da Zona de Concentración Parcelaria de Lourenzá Norte, propiedade de D^a Josefa Ramos Rodríguez e ao Sur, coa parcela 329 de D^a. María Montserrat Fernández Ramos, segundo escritura de compravenda de data 05 de agosto de 2022 adquirida a





Concello de Lourenzá

D^a. María José Trigo Díaz. Urbanisticamente dito espazo atópase dentro do Núcleo Rural de Villapol, parroquia de Santa María (Lourenzá) e cualificado como Solo Núcleo Rural, espazo viario.

SEGUNDO.- Que se someta a información pública por prazo dun mes no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios do Concello para que poidan formularse as alegacións que se estimen oportunas.

TERCEIRO.- De non formularse reclamacións durante o trámite de información pública, considerarase aprobada definitivamente a alteración da cualificación xurídica do dito espazo público.

Expediente 521/2022.-EXAME A APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO CONVENIO DE COLABORACIÓN MARCO PARA A XESTIÓN COMPARTIDA-AGRUPACIÓN CONCELLOS DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ NO MARCO DA REDE GALEGA DE ATENCIÓN TEMPERA E ADDENDA 2022-2024.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o contido do Convenio de Colaboración Marco para a Xestión compartida-Agrupación Concellos do Servizo de Atención Temperá no marco da Rede Galega de Atención Temperá achegado polo Concello de Mondoñedo para o exercicio 2022-2024.

Visto que pola Alcaldía informouse que o contido do dito Convenio era similar ao do ano anterior que fora aprobado polo Pleno do Concello na sesión celebrada o día vinte e catro de marzo do dous mil vinte e dous(24/03/2022), cambiando unicamente o contido da letra D) da Cláusula Cuarta que establece que:” *a prestación do servizo deberá realizarse en horario de mañá e un mínimo de **catro días á semana, en horario de tarde.***”, e no do ano pasado establecía un mínimo de tres días a semana en horario de tarde, e tamén o feito de que este ano é bianual, é dicir ata o 2024, e non anual como viña sendo ata agora.

Coñecido polo tanto o contido do Convenio, O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos nove concelleiros presentes na sesión sendo o seu número legal de once, ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar, nos termos nos que está redactado e se transcribe a continuación, o CONVENIO DE COLABORACIÓN MARCO PARA A XESTIÓN COMPARTIDA-AGRUPACIÓN CONCELLOS DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ NO MARCO DA REDE GALEGA DE ATENCIÓN TEMPERÁ, sendo o seu contido o que segue:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A XESTIÓN COMPARTIDA-AGRUPACIÓN DE CONCELLOS DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ NO MARCO DA REDE GALEGA DE ATENCIÓN TEMPERÁ

No Concello de Mondoñedo, a 01 de novembro de 2022.



Cod. Validación: 3C6PCCSR6SACQAJ3PM3DVAH5R | Corrección: https://concellodeourenza.sedelectronica.gal/ Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 21



Concello de Lourenzá

REUNIDOS

Os/as Sres. e Sras. alcaldes/-as dos seguintes Concellos:

Mondoñedo, don Manuel Angel Otero Legide.

Abadín, don José María López Rancaño.

Barreiros, dona, Ana Ermida Igrexas.

Lourenzá, dona. Rocío López García.

Pastoriza, dona Elba Carrera González.

Riotorto, don Clemente Iglesias González.

Trabada, dona Mayra García Bermúdez.

A Pontenova, don Dario Campos Conde.

Pol, don Lino Rodríguez Ónega.

Meira, don Antonio De Dios Álvarez.

Actuando todos/-as en nome e representación do seu referido Concello e no exercicio do seu cargo, en virtude do disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL) e artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia (LALGA) e recoñecéndose mutuamente plena capacidade para obrigarse nos termos do presente Convenio, **EXPOÑEN**

PRIMEIRO. -A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local no seu artigo 25 establece que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. O Municipio exercerá en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas.

O artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, regula que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e aspiracións da comunidade de veciños. O municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, entre outras, en materia de prestacións de servizos sociais.

SEGUNDO. -De acordo co disposto no artigo 11 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, existe a posibilidade de realización de actividades de carácter material ou técnico da competencia dos órganos administrativos dun concello por encomenda a outros concellos cando existan razóns de eficacia ou cando non se posúan os medios técnicos idóneos para o seu desempeño.

TERCEIRO. -No artigo citado no punto anterior, establécese que a formalización da encomenda de xestión debe realizarse mediante a sinatura do correspondente convenio.

CUARTO. -No Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá reflíctese no seu artigo 3 entre os principios reitores o de descentralización e proximidade: achegamento eficiente do servizo ás persoas destinatarias implementando, sempre que sexa posible, actuacións de base comunitaria para a inclusión social, entendendo os servizos sociais comunitarios como o primeiro nivel de intervención do sistema galego de servizos sociais. En consecuencia, o ámbito municipal, pola súa proximidade á cidadanía e polo coñecemento





Concello de Lourenzá

da situación específica da súa poboación recoñécese como o idóneo para o desenvolvemento deste tipo de servizo.

QUINTO.- A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Nesa liña, é necesario impulsar medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de poder continuar prestando ou prestar os servizos aos cidadáns en condicións de calidade e que satisfagan as súas necesidades, sendo preciso minimizar custos e **xestionar de forma compartida** as actuacións públicas. A prestación dos servizos públicos, o seu fomento e a promoción das actividades esixe un elevado custo, tanto de instalación, adquisición coma de funcionamento e xestión que fai necesaria a colaboración entre distintas administracións locais, coa finalidade de poder prestar aos veciños unha actividade e un servizo que na actualidade se considera imprescindible como medio de mellora nas relacións cos mesmos.

SEXTO.- Neste sentido, é preciso optimizar os recursos económicos das administracións locais mediante fórmulas innovadoras que permitan a xestión compartida na prestación dos servizos públicos que neste caso se concreta no presente convenio de prestación do servizo/s de forma e maneira que o impacto da crise económica nos servizos públicos sexa menor e os resultados da posta en común dos recursos minimicen a crítica situación económica dalgúns concellos.

SÉTIMO.- Tanto a LRBRL como a LALGA e a Lei 40/2017, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, recollen ao longo do seu articulado o **principio xeral de colaboración interadministrativa**.

OITAVO.- Por todo o anterior, na actual situación de crise económica, a xestión compartida de servizos configúrase como única solución para prestar ou continuar prestando determinados servizos públicos, polo que os concellos asinantes **ACORDAN a XESTIÓN COMPARTIDA do SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ NO MARCO DA REDE GALEGA (Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá)**, mediante o presente convenio segundo as seguintes,

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- OBXECTO.

O obxecto do presente convenio é fixar ás principais liñas de colaboración, así como a coordinación, dirección, xestión, financiamento, organización e funcionamento do Servizo de Atención Temperá, sendo encomendada ao Concello de Mondoñedo, para a súa prestación de forma integral nos termos da Orde da Consellería de Política Social da Subvención para prestar o Servizo de Atención Temperá no marco da Rede Galega de Atención Temperá (Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede Galega de Atención Témpera) que se prestará de forma compartida entre os concellos sinalados anteriormente, cuxos alcaldes asinan o presente documento.

SEGUNDA. - ÁMBITO TERRITORIAL

O ámbito territorial da xestión compartida do servizo será o correspondente aos concellos sinalados neste documento.

TERCEIRA.- OBXECTIVO DE COLABORACIÓN



Cod. Validación: 3C6PCCR6SACQA43PM3DVAH5R | Corrección: https://concellodeLourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 21



Concello de Lourenzá

O presente convenio baséase no principio xeral de colaboración interadministrativa, para a efectividade da coordinación e eficacia administrativa, que se concreta en:

- a) Posibilitar na actual situación de crise económica a prestación dun servizo público.
- b) Prestar de forma eficaz e eficiente o servizo público.
- c) Minorar os custos antieconómicos da prestación.
- d) Dar resposta ás necesidades da poboación mediante unha axeitada planificación previa.
- e) Valorizar os recursos dispoñibles.

CUARTA.-XESTIÓN COMPARTIDA DO SERVIZO

A xestión do servizo será realizada polo concello de Mondoñedo e incluírá todo o relacionado coa xestión do servizo: aspectos materiais, técnicos ou de servizo (sexa tramitación administrativa, instalación, reparación e mantemento de infraestruturas, xestión de persoal, xestión de axudas, etc.).

Esta encomenda non supón cesión da titularidade da competencia nin dos elementos substantivos do seu exercicio, sendo responsabilidade do concello encomendante ditar cantos actos ou resolucións de carácter xurídico dean soporte ou nos que se integre a concreta actividade material obxecto da encomenda.

Condições concreta das condicións de prestación do servizo:

A) O obxecto do servizo de atención temperá estará exclusivamente integrado polo conxunto de intervencións dirixidas á poboación infantil de 0 a 6 anos, a súa familia e o seu contorno, co obxectivo de dar resposta o antes posible ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos e as nenas con trastornos no desenvolvemento ou en risco de padecelos, para facilitar o desenvolvemento da súa autonomía persoal e a inclusión social. A atención estenderase ata a data de finalización do curso escolar cando o cumprimento da idade de 6 anos sexa anterior a esta.

B) Respecto do equipo humano de traballo encargado da prestación:

- 1.- Contará cun mínimo de 3 integrantes.
- 2.- Será interdisciplinar, e estará integrado por profesionais diferentes de entre os seguintes graos: pedagogía, psicopedagogía, psicoloxía, logopedia, traballo social, educación social, terapia ocupacional, maxisterio, enfermería, fisioterapia e medicina. O persoal deberá de estar especializado en desenvolvemento infantil e atención temperá e/ou en apoio familiar, ou acreditar experiencia suficiente nestas materias para a realización das súas funcións.

C) De acordo co establecido no Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais, para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, os servizos de atención temperá deberán comprender as prestacións de:

- 1.- Diagnose e valoración dos trastornos de desenvolvemento dos/das nenos/as.
- 2.- Desenvolvemento psicomotor.
- 3.- Desenvolvemento cognitivo.





Concello de Lourenzá

4.-Desenvolvemento da linguaxe e comunicación.

5.-Desenvolvemento da autonomía.

6.-Desenvolvemento da área social e afectiva.

7.-Apoio, información, habilitación e formación da familia.

D)A prestación do servizo deberá realizarse en horario de mañá e, un mínimo de catro días á semana, en horario de tarde.

Este convenio abrangue tamén a posibilidade de contratación por un dos concellos, na forma que se sinala, de todas as actividades ou prestacións necesarias para o funcionamento e xestión do servizo compartido, actuando como órgano de contratación de acordo co artigo 116.5 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, no que se regula o financiamento dos contratos con achegas de distinta procedencia de tal xeito que se tramitará un só expediente de contratación polo concello ao que corresponda a adxudicación do contrato, debendo acreditarse naquel a plena dispoñibilidade de todas as achegas e determinarse a orde do seu pagamento.

QUINTA.- COMISIÓN MIXTA. COORDINACIÓN.

Para facilitar o seguimento, cumprimento e a coordinación do convenio constituirase unha Comisión Mixta, sen prexuízo das competencias atribuídas aos respectivos Alcaldes, integrada por dous representantes de cada concello, á que poderán asistir técnicos deles..

A Comisión Mixta reunirse en sesión constitutiva na semana seguinte á sinatura do convenio e rexerá polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A Comisión Mixta ditará as súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir coa regularidade que acorden as partes.

As súas principais funcións serán:

a)O seguimento da xestión do servizo.

b)Elaborar o orzamento anual do servizo compartido e sometelo a aprobación plenaria dos concellos asociados xunto coa distribución de cargas que xere o servizo.

c)A fixación do catálogo de condicións de prestación do servizo, co establecemento das directrices básicas da prestación conxunta e do Programa fixando liñas básicas de actuación, que deberá ser ratificado en sesión plenaria dos concellos.

d)A elaboración das súas normas internas de xestión.

e)A interpretación do convenio.

f)A proposta, se é o caso, de addendas.

g)Intervención previa á resolución por incumprimento.

h)Resolver cantas dúbidas se lle presenten polos membros integrantes.

i)Calquera outras relacionadas coa xestión do servizo

SEXTA.- ELABORACIÓN DO CATÁLOGO DE CONDICIÓN DE PRESTACIÓN DO SERVIZO E MODIFICACIÓN DE ORDENANZAS.

Os plenos dos concellos que pretenden colaborar deberán, no prazo máximo de dous meses, proceder á aprobar o correspondente catálogo de condicións de prestación do servizo que lle propoña a Comisión Mixta, de ser o caso.





Concello de Lourenzá

Neste mesmo prazo, deberán proceder e modificar, se é o caso, as ordenanzas ou regulamentos que afecten directamente ao funcionamento do servizo, co fin de homoxeneizalas, segundo a proposta da comisión.

SÉTIMA.- SUBVENCIONS E AXUDAS.

Para a xestión do servizo **ACÓRDASE a solicitude de subvención convocadas pola administración autonómica.**

Para os efectos de formular solicitude de acordo co disposto na orde, reflíctense no ANEXO, as condicións concretas, os compromisos de execución asumidos por cada concello asinante, de acordo coas condicións da xestión establecidas ou as que especificamente se acorden, así como o importe de subvención a aplicar por cada un deles, así como o nomeamento do representante único dos concellos convenientes, con poderes suficientes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, corresponden aos concellos asinantes.

OITAVA.- FINANCIAMENTO.

Os concellos comprométese a garantir un financiamento suficiente e estable para unha eficaz e eficiente prestación do servizo asociado. Para este efecto habilitarán as aplicacións orzamentarias necesarias que serán certificadas polo secretario do concello no prazo dun mes dende a sinatura do presente convenio, en consonancia co orzamento elaborado pola Comisión Mixta.

Todos os anos, ao comezo do exercicio deberán certificarse as aplicacións orzamentarias destinadas ao correcto financiamento do servizo xestionado de xeito compartido.

A Comisión Mixta establecerá no último trimestre de cada ano as previsións das necesidades de financiamento do servizo e dará traslado a cada concello.

O reparto será o seguinte: 1000 EUROS ANUAIS POR CONCELLO.

Os concellos deberán transferir nun prazo non superior a dous meses dende o comezo do exercicio orzamentario a cantidade que lle corresponda ao concello que realiza a xestión ordinaria que deberá elaborar unha conta xustificativa composta cando menos de memoria xustificativa e económica, copia das facturas e demais gastos, informe de intervención do cumprimento da finalidade e certificado do secretario da relación de gastos e declaración de axudas, procedéndose ao reintegro en caso contrario.

NOVENA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN.

O presente convenio resolverase:

- a) Denuncia unilateral con preaviso de tres meses ou mutuo acordo
- b) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan
- c) Polo vencemento do prazo de vixencia

No caso de resolución do convenio, cada concello recuperará os medios persoais e materiais adscritos ao desenvolvemento deste.

DÉCIMA.- VIXENCIA DO CONVENIO.

O presente convenio entrará en vigor ao da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata/por 31 de outubro do 2024, e ata que transcorra o prazo establecido no artigo 8.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

DÉCIMO PRIMEIRO. -NATUREZA DO CONVENIO.



Cod. Validación: 3C6PCCR6SACQA-J3PM3DVAH5R | Corrección: <https://concellodeLourenza.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 21



Concello de Lourenzá

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación será resoltas pola comisión de seguimento quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

DÉCIMO SEGUNDA.- NORMATIVA APLICABLE.

En todo o non previsto expresamente polo presente convenio estarase ao disposto na lexislación aplicable segundo a materia obxecto do convenio.

DÉCIMO TERCEIRA.- JURISDICIÓN COMPETENTE.

Os conflitos que se susciten en desenvolvemento do presente convenio serán coñecidos, en primeira instancia, pola Comisión Mixta, en caso de non chegar a un acordo, as partes someterán as cuestións litixiosas ao coñecemento dos tribunais da orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

En proba de conformidade co expresado neste convenio, asínase polas partes comparecentes, por triplicado exemplar, e para un só efecto, no lugar e data que se sinalan na cabeceira.

Alcalde do concello de Mondoñedo <i>Asdo. Manuel Angel Otero Legide</i>	Alcaldesa do Concello de Barreiros <i>Asdo. Ana Ermida Igrexas</i>
Alcaldesa do Concello de Trabada <i>Asdo. Mayra García Bermúdez</i>	Alcalde do concello de Abadín <i>Asdo. José Maria López Rancaño</i>
Tenente-Alcalde do concello de Pastoriza <i>Asdo. Elba Carrera González</i>	Alcalde do concello de Riotorto <i>Asdo. Clemente Iglesias González</i>
Alcaldesa do Concello de Lourenzá <i>Asdo. Rocio López García</i>	Alcalde do Concello de A Pontenova <i>Asdo. Darío Campos Conde</i>
Alcalde do Concello de Pol <i>Asdo. Lino Rodríguez Ónega</i>	Alcalde do Concello de Meira <i>Asdo. Antonio De Díos Álvarez</i>

ANEXO

ACORDO sobre solicitude de subvención para a concesión ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá, nos termos que figuran nos puntos seguintes, así como aceptar as condicións e requisitos establecidos na normativa aplicable e comprometerse a cofinanciar aquela:

Concello designado para a xestión e xustificación da subvención segundo o previsto na cláusula Cuarta	Concello de MONDOÑEDO
Representante para os efectos de presentación da solicitude de subvención, coordinación e interlocución coa Consellería de	Manuel Angel Otero Legide, con DNI nº: 76563115W





Concello de Lourenzá

Política Social		
Porcentaxe de subvención que corresponderá a cada un dos integrantes:		
Concello	Compromisos de execución	Porcentaxe de subvención que lle corresponderá
Mondoñedo	100%	10%
Trabada		10%
Riotorto		10%
Lourenzá		10%
Abadín		10%
Barreiros		10%
Pastoriza		10%
A Pontenova		10%
Pol		10%
Meira		10%
Total 100%	100%	

SEGUNDO.- Achegar certificación do presente acordo ó Concello de Mondoñedo para o seu coñecemento e efectos oportunos.

TERCEIRO.- Facultar á Sra. Alcaldesa, D^a. Rocío López García, para a xestión de trámites e sinatura de documentos que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

Expediente 529/2022. - CAMBIO PRESTACIÓN SANITARIA FUNCIONARIOS MUNICIPAIS.

Favorable | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto o escrito de data 14/11/2022 rexistrado de entrada con núm.2190, (Gestiona 529/2022) presentado polas funcionarias D^a. Raquel Aurora Camarista García e D^a. María del Carmen López González, no que expoñen que na actualidade teñen a prestación sanitaria cunha compañía de seguros privada, concretamente Segur Caixa Adeslas, S.A. Seguros e Reaseguros e solicitan que se lles autorice o cambio á Seguridade Social con efectos do un de xaneiro do 2023.

Visto que de conformidade co Real Decreto 480/1993 de 2 de abril (BOE 03-04-93) para facer calquera cambio é necesario unha consulta previa ás Organizacións Sindicais e un acordo expreso do Pleno do Concello e que afecte a tódolos funcionarios que estiveran nesa situación, sen que poida exercerse a título individual.





Concello de Lourenzá

Visto que son as dúas únicas funcionarias nesa situación posto que a Secretaria-Interventora causará baixa por xubilación con efectos do 31/12/2022.

Visto que no consta no expediente o informe previo das Organizacións Sindicais,

O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos nove concelleiros presentes na sesión, sendo o seu número legal de once, ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente o cambio solicitado á Seguridade Social das funcionarias D^a. Raquel Aurora Camarista García e D^a. María del Carmen López González, con efectos do un de xaneiro do 2023, condicionado os informes favorables das Organizacións Sindicais que deberán solicitarse con carácter previo a dicho cambio. Dito acordo entenderase definitivo se non houbera informes desfavorables das ditas organizacións sindicais.

SEGUNDO.- Faculta-la Sra. Alcaldesa, D^a. Rocío López García para a xestión de trámites e sinatura de documentos que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

Expediente 502/2022. MOCIÓN PLATAFORMA NA DEFENSA DA SANIDADE PUBLICA DA MARIÑA EN APOIO ILP DE MEDIDAS URXENTES PARA RECUPERAR E FORTALECER A ATENCIÓN PRIMARIA.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 2, Ausentes: 0

Chegado este punto da orde do día e coñecido o contido da Moción de SOS SANIDADE-PÚBLICA DE GALICIA-PLATAFORMA NA DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA DA MARIÑA EN APOIO DA ILP DE MEDIDAS URXENTES PARA RECUPERAR E FORTALECER Á ATENCIÓN PRIMARIA, que tivo entrada nas oficinas municipais o día 25/10/2022, sendo rexistrada co núm. 2012, o Pleno, en votación ordinaria e con sete votos a favor, do P. S. de G.-P.S.O.E. e B.N.G., e dúas abstencións, do P. Popular, ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobala Moción presentada por SOS SANIDADE PÚBLICA DE GALICIA - PLATAFORMA NA DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA DA MARIÑA, nos termos nos que está redactada, que son os que literalmente se transcriben a continuación:

“MOCIÓN DE SOS SANIDADE PÚBLICA DE GALICIA- PLATAFORMA NA DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA DA MARIÑA EN APOIO DA ILP DE MEDIDAS URXENTES PARA RECUPERAR E FORTALECER A ATENCIÓN PRIMARIA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:





Concello de Lourenzá

A Consellería de Sanidade, leva anos, recortando e desmantelando os recursos da Sanidade Pública Galega, especialmente na Atención Primaria, coa finalidade de reducir gasto e favorecer á sanidade privada, que medra de maneira imparable. Paralelamente os responsables do SERGAS son incapaces de planificar e xestionar a Atención Primaria, poñendo en cuestión a continuidade do Sistema de Atención Primaria.

Entre outras cousas, as reducións de persoal, a prioridade pola consulta telefónica por riba da presencial para contactar cos centros e conseguir cita, o peche de consultas, centros e PAC, etc. Impiden o acceso normal á asistencia sanitaria a poboación e crean listas de agarda inaceptables.

Como consecuencia do exposto, desapareceu da Atención Primaria a promoción, prevención, rehabilitación, participación e o traballo comunitario, mentres que o persoal está sometido a unha situación de presión inestabilidade e precariedade, incompatibles cunha atención de calidade.

Na comarca da Mariña a Atención Primaria sofre unha situación similar ao resto do país, pero se cadra é máis grave pola decisión do goberno da Xunta de eliminar a área sanitaria relegándoa a un distrito da macroárea de Lugo. Estas decisións, que cambian por completo o mapa sanitario do país, inflúen directamente na adecuación dos servizos sanitarios ás persoas, na dificultade para lograr que as e os profesionais sanitarios queiran asentarse nos centros de saúde desta comarca tan rural e periférica, que perde servizos sanitarios trala perda da área. Así atopamos consultorios e centros de saúde unitarios que quedan sen facultativo/a durante tempadas, servizos de pediatría ao cincuenta por cento de persoal asumindo mil cincocentos nenos e nenas e outros centros que non dispoñen de ningún/ha pediatra, centro de saúde de cabeceira con mías da metade da súa dotación ausente sen que sexa substituída, prazas sen cubrir de persoal administrativo por mor de traslados ou enfermeir@s que non se substitúen nas vacacións, baixas e demais permisos.

*Para facer fronte a esta situación, o Pleno do Concello de Lourenzá **ACORDA:***

***PRIMEIRO.-** Apoiar a iniciativa legislativa popular promovida pola Plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia, integrada por organizacións sociais, sanitarias, de pacientes, sindicais e políticas, que pretende que o Parlamento Galego debata e aprobe unha serie de medidas:*

- a) Establecer a atención presencial ao paciente como regra xeral para as consultas médicas.*
- b) Fixar uns mínimos, na dispoñibilidade de centros e persoal por habitante, para salvagardar a calidade de atención aos pacientes.*





Concello de Lourenzá

c) Acabar ca inestabilidade e precariedade do persoal e realizar, como mínimo, unha convocatoria anual de prazas.

d) Reabrir as consultas, Centros de Saúde e PAC de Urxencias, pechados durante os últimos anos.

e) Incrementar o persoal médico, de enfermería, administrativo dos Centros de Saúde e redimensionar os seus cadros de persoal, incorporando novas categorías profesionais aos equipos, como psicoloxía, fisioterapia, atención temperá, logopedia, etc., para desmedicalizar a atención e ofrece unha asistencia integrada.

f) Recuperar as Xerencias de Atención Primaria para dotalas de capacidade de planificación e autoxestión e acabar co seu sometemento aos hospitais. Que sexan o elemento esencial para organizar e integrar a Atención Primaria cos hospitais, saúde pública, asistencia social e atención á dependencia.

g) Desenvolver as conclusións do Consello Técnico de Saúde de Galicia.

h) Poñer en marcha o Consello de Saúde de Galicia e os Consellos de Saúde de Área Sanitaria para que a poboación teña capacidade real de planificar, decidir e avaliar a actividade dos centros.

Todas estas medidas, recollidas na ILP, deberían aprobarse de maneira urxente polo Parlamento de Galicia (dada a gravidade da situación de Atención Primaria, en risco real de desmantelamento e privatización) e ir acompañadas dun incremento do orzamento de Atención Primaria ata alcanzar o 25% do total.

As institucións locais somos esenciais no proceso de recuperar os recursos , garantir a accesibilidade á asistencia, desmasificar as consultas, reabrir os centros e PAC pechados e acabar cas listas de espera que son incompatibles cunha asistencia racional e de calidade, antes de que sexa demasiado tarde.

Por este motivo acordamos, ademais de apoiar a ILP, colaborar activamente na recollida de sinaturas e nas mobilizacións e actividades informativas de carácter unitario que se realicen, para ter unha Atención Primaria de Calidade.

SEGUNDO.- Trasladar este acordo á Consellería de Sanidade e ao Goberno da Xunta de Galicia."

SEGUNDO.- Faculta-la Sra. Alcadesa para a xestión de trámites e sinatura de documentos que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

TERCEIRO.- Achegar certificación do presente acordo á Consellería de Sanidade e ó Goberno da Xunta de Galicia tal e como se indica na moción así como a Plataforma na Defensa da Sanidade Pública da Mariña, para o seu coñecemento e efectos oportunos.





Concello de Lourenzá

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

DACIÓN DE CONTA DA EXECUCIÓN PRESUPPOSTARIA DO TERCEIRO TRIMESTRE DO 2022 (GESTIONA 205/22).

Chegado este punto da Orde do día deuse conta do informe emitido sobre a execución do presuposto correspondente ó **TERCEIRO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2022**, que foi enviado ao Ministerio de Economía e Facenda o día 18/10/2022, dando cumprimento ao disposto na Orde HAP/2105/2012 de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira.

DACIÓN DE CONTA DO PMP DO TERCEIRO TRIMESTRE DO 2022 (GESTIONA 206/22).

Neste punto do orde do día e de conformidade co disposto na Lei 15/2010 de 5 de xullo de modificación da Lei 3/2004 de 29 de decembro, de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dáse conta do informe do **TERCEIRO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2022** relativo ao **CUMPRIMENTO DO PERÍODO MEDIO PAGO A PROVEDORES** de conformidade coa establecido na Disposición Transitoria Única do Real Decreto 635/2014 do 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento previstos na Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, e que no Concello cumpríuse no Terceiro Trimestre do Exercicio 2022, posto que o Período Medio Global foi de 12,47 días. Ditos documentos foron remitidos á Oficina Virtual do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas o día 19/10/2022.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Rogo: AMAÑO FOCHANCAS





Concello de Lourenzá

D^a. Aurea M^a. Vázquez Abal, concelleira do Grupo Municipal do BNG na Corporación Municipal de Lourenzá, ao abeiro da lexislación vixente.

EXPÓN:

Ó ver o estado dalgunhas das estradas do municipio e a pesares de ser reincidente co tema.

ROGO:

Que nas estradas que sexan competencia do Concello, sexan amañadas coa maior brevidade posible as fochancas existentes, sobre todo aquelas que constitúen risco na circulación dos vehículos.

Lévense a cabo as pertinentes solicitudes para acadar o amaño das estradas cuxa titularidade compete á Xunta ou á Deputación de Lugo.

Pola Alcaldía indicouse que pensaba que a Sra. concelleira referíase ás estradas de titularidade municipal, concretamente ás de Arroxo e a de San Xusto, posto que neste momento ás da Xunta ou Deputación creía que non presentaban ningún problema e que estaban bastante ben, e continuou explicando que, en concreto, a estrada de Arroxo íase a amañar nos próximos días, que xa falaran coa empresa e estaban pendentes da que rebachearan, que sentíao pero que a empresa non dera feito.

A Sra. Vázquez Abal confirmou que, efectivamente, referíase fundamentalmente a estrada de Arroxo, onde había unha fochanca de grande tamaño na que se caía un coche nela sería moi difícil que puidera saír.

Rogo: SINALIZACIÓN

D^a. Aurea M^a Vázquez Abal, concelleira do Grupo Municipal do BNG na Corporación Municipal de Lourenzá, ao abeiro da lexislación vixente.

EXPÓN:

A entrada da vila, dende a carretera que vén de Masma, presenta unha circulación de vehículos cunha velocidade inadecuada e a pesares de que existe un aviso de STOP, ó chegar á intersección as sinais horizontais son de ceda o paso para os que xiran á dereita, dirección ó centro do pobo.

ROGO:

A substitución da sinal horizontal de CEDA O PASO por unha STOP, así como a renovación da pintura de ditas sinais e máis de todas aquelas que o precisen (pasos de peóns).

A Sra. Alcaldesa matizou que aínda que era un rogo quería matizar que polo que se refería á renovación da pintura dos pasos de peóns





Concello de Lourenzá

que íase con certo retraso debido a que houbera que agardar por diversos permisos sectoriais e aínda faltaba a cualificación provisional do IGVS ó ir dentro do ARI, pero que ían incluídos no proxecto de Eliminación de Barreiras Arquitectónicas, proxecto do ARI, no que non solo se adaptan os pasos para que puidera pasar unha cadeira de rodas senón que tamén ía incluído o pintado dos mesmos, que recoñecía que facía falla.

En canto á substitución das sinais, explicou que a estrada non era competencia municipal, era titularidade da Xunta e que a sinalización facíaa o organismo titular da mesma segundo a normativa vixente.

A Sra. Vázquez Abal, pola súa parte, indicou que había certa contradición posto que, un pouco antes, no solo, indicábase que había un stop e pola contra despois atopábase cun ceda o paso. A Sra. Alcaldesa concluíu que poderíase mandar un escrito neste sentido.

Rogo: COLONIAS FELINAS

D^a. Aurea M^a Vázquez Abal, concelleira do Grupo Municipal do BNG na Corporación Municipal de Lourenzá, ao abeiro da lexislación vixente.

EXPÓN:

Como coñecemos todos e todas existen no concello unha diversidade de colonias felinas que son alimentadas polas veciñas e veciños poñendo de manifesto a súa boa intención para estes animais. Debemos saber que estas actitudes aínda que aplaudibles non son correctas.

Existe unha lei de Protección e Benestar de animais de compañía en Galicia (Ley 4/2017, de 3 de outubro de Protección y bienestar de los animales de compañía de Galicia) que ata o de agora regula a xestión destas colonias felinas mentres non se aprobe outra.

“Asimismo, la Ley 4/2017, de 2 de octubre, creó la figura de las colonias felinas como un posible destino de las comunidades de gatos sin propietario o propietaria, que viven en la calle, siempre que las condiciones del contorno lo permitan, con el fin de su protección y control poblacional. Les corresponde a las administraciones locales la recogida de animales abandonados en sus respectivos términos municipales, de acuerdo con lo establecido en el artículo 22 de la Ley 4/2017, de 3 de octubre. Para cumplir este encargo legislativo, las administraciones locales pueden prestar el





Concello de Lourenzá

servicio de recogida y acogimiento, por sí mismos o asociados, en régimen de gestión directa o indirecta."
Existe tamén un sistema de axudas para que as administracións locais podan dar cobertura a esta lei, polo menos o ano pasado foi así (Consellería de Medio Ambiente, Territorio y Vivienda, Orden de 7 de diciembre de 2021 por la que se establecen las bases reguladoras de las ayudas, en régimen de concurrencia competitiva, para actuaciones encaminadas a la protección de animales domésticos de compañía abandonados en Galicia y se convocan ayudas para el año 2022 destinadas a las entidades locales (código de procedimiento MT811A)

ROGO:

Sexan tidas en conta as exposicións anteriores e o Concello tome parte neste asunto que coa aprobación da nova lei sobre protección de animal vaise poñer aínda máis complicado.

A Sra. Vázquez Abal informou que o rogo era sobre as colonias felinas, que era ben sabido que había varias no concello e que non podían estar así, que non podían estar alimentadas polos veciños, aínda que sabía que sempre era con boa intención, que había unha lei que o regulaba e que establecía que eran os concellos os responsables destas colonias, que tiña que xestionalas, esterilizaros gatos e darlles de comer nuns sitios específicos e sempre nos mesmos, e controlados polo concello e que o ano pasado saíran unhas axudas que cubrían todas estas obrigacións, que daban unha determinada cantidade por animal, e que rogaba que debería facerse algo neste sentido porque estaba próxima a saír outra lei máis dura e restritiva sobre protección animal e que non sabía ata que punto ían a entrar a inspeccionar estes temas.

Pola Alcaldía indicouse que teríase en conta dito rogo.

Pregunta: PARROQUIA SANTA MARÍA

D^a. Aurea M^a Vázquez Abal, concelleira do Grupo Municipal do BNG na Corporación Municipal de Lourenzá, ao abeiro da lexislación vixente.

EXPÓN:

Á vista das inversións feitas polo Concello en limpeza e bacheado de pistas coa factura núm. A22.191 de 14/10/22.

PREGUNTA:

Por que se discrimina á parroquia de Santa María, xa que podemos ver que non existe inversión para esta?





Concello de Lourenzá

En canto á dita factura, pola Alcaldía indicouse que fora un rebacheo puntual que se fixera en varios pistas da concentración parcelaria nestes sitios pero que iso non quería dicir que non se estivera facendo investimentos na parroquia de Lourenzá porque agora mesmo estábanse amañando con cargo ó remanente estradas no Castro, en Obispo Villaroel, en Dodelle, Tilleira, Cazolga, o Barreiro, tamén con cargo ó Plan Marco deste ano ían varios accesos en Pousada, e no Plan Único deste ano 2022 ía incluída a ruta do colesterol en aglomerado, tamén na parroquia de Santa María, e polo tanto era evidente que non estaba para nada discriminada. A señora Vázquez Abal fixo referencia a dous baches que había diante do establecemento da Lotería, na alcantarilla, indicándolle por parte do equipo de goberno que xa foran levantados e amañados pero que volvían a fundirse e que quizás terían que volver a revisalos.

Pregunta: ARCOS DA PONTE

D^a. Aurea M^a Vázquez Abal, concelleira do Grupo Municipal do BNG na Corporación Municipal de Lourenzá, ao abeiro da lexislación vixente.

EXPÓN:

Nos arcos da ponte que da entrada á vila, por baixo do bar Cabaleiros e da imprenta existen unha serie de residuos e de pintadas que dan unha imaxe non desexada do concello.

PREGUNTA:

Ten coñecemento o Concello desta situación?

Que ten pensado facer ó respecto?

Pola Alcaldía indicouse que fora a mirar a ver se era verdade porque parecíalle imposible xa que no mes de Xullo ou Agosto estaba igual e mandara sacar todo o que había e incluso colocaranse uns carteis prohibindo depositar enseres nese espazo público, pero sacaron os carteis e volveron a meter mobles así que para a semana, coa recollida de enseres, habería que volver a sacar todo, e intentar limpar as pintadas que non ía a ser fácil e terían que pensar que se podía poñer ali para impedir que foran e fixeran outra vez o campamento.

Pregunta: KILOMETRAXE

D^a. Aurea M^a Vázquez Abal, concelleira do Grupo Municipal do BNG na Corporación Municipal de Lourenzá, ao abeiro da lexislación vixente.





Concello de Lourenzá

EXPÓN:

Debido á suba nos prezos dos carburantes e o incremento das axudas a domicilio que as traballadoras están a asumir e que implica polo tanto un incremento dos desprazamentos que veñen a facer.

PREGUNTA:

Ten o Concello pensado revisar o prezo do kilometraxe que se lles está a pagar a estas traballadoras?.

Pola Alcaldía indicouse que estíbese aplicando o prezo do kilometraxe fixado para os funcionarios, e que a última regulación fora na Resolución de 2 de xaneiro de 2008, da Secretaría de Estado de Facenda e Presupostos, pola que se ditan instrucións en relación coas nóminas dos funcionarios incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, de 2 de agosto, nos termos da disposición final cuarta da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e se actualizan para o ano 2008 as contías das retribucións do persoal a que se refiren os correspondentes artigos da Lei de Presupostos Xerais do Estado para dito exercicio (BOE. Núm. 3 de 03/01/2008).

Pregunta: PUNTO LIMPO

D^a. Aurea M^a Vázquez Abal, concelleira do Grupo Municipal do BNG na Corporación Municipal de Lourenzá, ao abeiro da lexislación vixente.

EXPÓN:

No punto limpo do Concello, aínda que de maneira ordenada, acumúlanse multitude de residuos, sobre todo plásticos e tamén observamos unha falta de coidado nas inmediacións do lugar con deficiencias de desbroce .

PREGUNTA:

Ten o Concello intencións de mellorar o estado destas instalacións??

De que maneira e con que periodicidade se xestionan estes residuos, sobre todo os plásticos?

Pola Alcaldía informouse que os plásticos levábanse a planta cada tres o catro meses aproximadamente e o resto cando os contedores estaban cheos, que non había unha periodicidade exacta, no verano moito máis asiduamente, e con respecto ás instalacións e inmediacións do Punto Limpo, informou que non era desa opinión que de feito fixeran un grade esforzo para desbrozalo, comparando como estaba antes, incluso na parcela que estaba ao lado, que era de Xestur tamén se desbrozara unha parte, e que na foto que





Concello de Lourenzá

aportaba a concelleira do BNG víase que estaba recollido e desbrozado e que os plásticos estaban alí porque non collían diante e que as outras dúas fotos que aportábanse eran da Nave da Feira, non do Punto Limpo, e que, efectivamente, alí facía falla facer limpeza e desbroce.

Unha vez aclarado o terma, pola concelleira do BNG, Sra. Vázquez Abal fíxose o rogo neste sentido, de que tamén se amañara na Nave da Feira.

PREGUNTAS PARTIDO POPULAR:SERVIZO MADRUGADORES E CARPA PRAZA LIÑARES RIVAS

O Grupo Municipal Popular no concello de Lourenzá de acordo co disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno as seguintes preguntas:

1.- O día 20 de setembro, este grupo municipal por medio do seu voceiro, presentou a través da sede electrónica unha solicitude de información. A día de hoxe non se recibiu ningunha resposta. ¿Por que?.

A Sra. Alcadesa respondeu que efectivamente presentaran a solicitude o día vinte de setembro, e non contestara porque doce días despois celebrárase unha sesión da Xunta de Goberno onde fora ratificada a Resolución da Alcaldía na que se solicitaba dita axuda e dito acordo foralle notificado por correo electrónico, aínda que recoñecía que quizá non estivera moi detallado pero que naquel momento non se dera conta, non obstante, tíñano a súa disposición a documentación no Concello para consultala sen problema ningún.

2.- Pasaron outros dous meses máis, e a carpa da praza de Liñares Rivas segue onde estaba, ¿como está o tema a día de hoxe?

A Alcadesa indicou que o último que sabía era que á propietaria chegáralle un requirimento de Patrimonio onde pedíalle que aportara documentación gráfica e planimétrica .

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

